LINO RODRIGUEZ ONEGA (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 24/04/2023
HASH: b448d4c09c255b505e9701616727fbbf

BASES DO PROCESO SELECTIVO URXENTE DE 1 PEON FORESTAL, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria a contratación de un traballador/a desempregado/a con carácter temporal (9 meses a xornada completa) mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, ao amparo da subvención concedida a este concello pola Consellería de Emprego e Igualdade mediante resolución da Xefa Territorial de Lugo da citada consellaría de data 17/04/2023.

A través da subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da ORDE de 9 de xaneiro de 2023 , programa APROL RURAL, contrataráse a unha persoa desempregada a xornada completa por nove meses baixo a modalidade de cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, a fin de reforzar o servizo.

1.1. FUNCIÓNS. O persoal seleccionado realizará traballos de limpeza de camiños e áreas municipais que estean afectadas por maleza ou vexetación que poida constituir risco de incendios forestais no termo municipal do Concello de Pol, así como calquera outras que resulten necesarias e axustadas ás súas funcións e que se lle poidan encomendar.

SEGUNDO.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidas neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) **Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia** (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas dispoñibles. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

b) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.

d) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) **Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G**. (Mediante carta de presentación ou outro medio válido).

g) As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

h) Non ter sido contratados, por un período igual o superior a 9 meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2022)

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7

i) Permiso de conducir clase B.

j) Poseer o Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudios esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

TERCEIRO. Forma e prazo de presentación de instancias

1.- Segundo o disposto no art. 14.1 da Orde do 9 de xaneiro do 2023, os traballadores que sexan contratados deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

2.- O Concello de Pol convocará ás persoas candidatas mediante a presentación da oferta na oficina de emprego de Lugo, a través do modelo normalizado para tal efecto, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desenvolvemento das funcións propias dos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Asimesmo, tamén se publicarán as presentes bases na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro físico de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial.

3.- Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios e preferencias establecidos na citada Orde, rexedora desta contratación.

4.- Recibida a oferta, o Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das súas características atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos que solicite a entidade beneficiaria.

CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As persoas candidatas propostas pola oficina de emprego de Lugo deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Pol as solicitudes e a documentación adicional para participar no proceso selectivo, no modelo que se achega como Anexo I, **sendo o último día de prazo o 08/05/2023**.

2.- Á instancia acompañarase inexcusablemente a **seguinte documentación**:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

b) Declaración xurada de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.

c) Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentencia firme.

d) Declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

e) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

f) Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego.

g) Carta de presentación da Oficina de Emprego de Lugo.

h) Documento acreditativo do Celga 1 ou superior.

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7

QUINTO.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Os/as aspirantes preseleccionados polo SEPG serán convocados para a realización da proba do proceso selectivo mediante carta certificada da Oficina de Emprego ou chamada telefónica.

A fase de oposición terá lugar o **12 de maio de 2023 ás 10,00 h no Salón de Plenos da Casa do Concello de Pol** e consistirá en dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

-Un **primeiro exercicio** para contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 15 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos: para superalo deberá acadarse un mínimo de 5 puntos.

O aspirante que non supere esta proba non pasará á seguinte.

-Un **segundo exercicio, práctico,** de manexo de desbrozadora así como de mantemento dos mesmos, que en todo caso acreditará o manexo da maquinaria empregada para o exercicio das funcións do posto .

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos: para superalo deberá sacarse un mínimo de 5 puntos.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A PROBA ESCRITA

TEMARIO.

Tema 1.- Concello de Pol. Encuadre territorial e poboación.

Tema 2.- Uso e mantemento de tractor.

Tema 3.- Sinalización vial en traballos de desbroce de cunetas.

Tema 4.- Extinción de incendios e infraestruturas municipais relacionadas co servizo.

No caso de empate e non resultar aplicable a lei de igualdade efectiva, desempatarase mediante sorteo público.

GALEGO.- De carácter obrigatorio. Consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primer exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario.

Cualificarase como APTO ou NON APTO. Serán Non aptos aqueles exercicios que conteñan 20 erros ou mais.

**Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudios esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7

SEXTO.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

O Órgano de Selección valorará as probas do proceso selectivo. A súa composición será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a que actuara con voz pero sen voto e un vogal, así como os respectivos suplentes, será nomeado por resolución da Alcaldía.

Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a ensinanza secundaria obrigatoria e ser persoal laboral fixo ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.

Todos os membros do órgano de selección terán voz e voto, excepto o Secretario, que terá voz e non voto, salvo no suposto no que o Órgano de Selección, por ausencia dalgún dos seus membros titulares ou suplentes, estea composto por número par.

Para a válida constitución do Órgano de Selección requirirase a presenza do Presidente e o Secretario ou, se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e resolverá cantas incidencias se presenten ou xurdan da aplicación das presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunhas de ditas circunstancias ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, de conformidade co disposto na citada lei.

As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde-Presidente, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

SÉPTIMO.- CUALIFICACIÓN

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición aplicando no seu caso, os criterios de desempate acreditados e valorados polo Tribunal.

OCTAVO.- Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar no prazo de dous días hábiles o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria.

A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.
Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo. Igualmente poderá formarse, se a Alcaldía o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.

NOVENO.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.
Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e das súas correspondentes bases na páxina web do Concello e sexan remitidas á Oficina de Emprego de Lugo.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao persoal funcionario.

En Pol, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,
Asdo.: Lino Rodríguez Ónega

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE AO MARXE

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7

CONCELLO DE POL (LUGO)
C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462
Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA DE APROL RURAL 2023

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO: .....

SEGUNDO APELIDO: .....

NOME: .....

DNI: ……

TELÉFONO: ..... MÓBIL: ..... E-MAIL: .....

DOMICILIO COMPLETO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

.....

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente, presentando a seguinte documentación (tachar o que proceda):

☐ Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

☐ Permiso de conducir clase B.

☐ Tarxeta de demandante de emprego ou documento expedido polo Servizo Galego de Colocación que acredite que o solicitante está en situación de desemprego.

☐ Documento acreditativo do Celga 1 ou superior.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dna.……..……, con DNI ……..……..……..., en relación coa oferta de emprego do Concello de Pol DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentencia firme para o exercicio das funcións públicas.

2. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

3. Non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

4. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo ao que opto.

5. Encontrarme na actualidade en situación de desemprego, inscrito/a como tal no Servizo Público de Emprego, e dispoñible para o posto de traballo ofertado.

Lugar e data: …….

Sinatura:…….

Cod. Validación: 9P4YZCC2FZWW3A4PQ9CKEXE7K
Corrección: https://concellopol.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7